



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf: 981 740 001  
Fax: 981 740 677

## BASES CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO FISTERRA 2025

En relación coa celebración do **CONCURSO DE COMPARSAS** do Entroido de Fisterra 2025 o vindeiro **martes 4 de marzo**, “**O Entroido máis tradicional da Costa da Morte**”, establécense as seguintes **bases**:

**-O prazo de inscrición** das comparsas participantes (16 ou máis membros), estará aberto dende o 6 ao 20 de febreiro.

A inscrición debe realizarse a través do procedemento de **Solicitud Xeral da Sede Electrónica do Concello de Fisterra** (<https://sede.concellofisterra.gal/sxc/gl/>), onde se entregará debidamente cuberto o **modelo de solicitude de participación**, o cal está colgado na páxina web do Concello ([www.concellofisterra.gal](http://www.concellofisterra.gal))

**Na solicitude constará: nome e enderezo do seu representante maior de idade, xunto co C.I.F/D.N.I e número de conta bancaria no que ingresar o posible premio.**

**-Todas as comparsas anotadas están na obriga de participar no desfile de comparsas do sábado 1 de marzo cun mínimo de 14 persoas.**

Sábado 1 de marzo, concentración das comparsas na Cruz de Baixar, ás 17:00 horas, as cales percorrerán as rúas de Fisterra ata a praza da Constitución, onde se realizará o pregón do Entroido de Fisterra 2025.

A orde de desfile e actuación decidirse no sorteo da reunión previa, a cal se realizará o **venres 21 de febreiro**, ás 17:00 horas, no Concello de Fisterra.

**-O xurado** estará formado por persoas relacionada coa historia do Entroido de Fisterra, medios de información e persoas relacionadas co mundo da costura, estética, decoración...

**-Os criterios de avaliación son os seguintes:**

**Os aspectos a puntuar serán:**

- a) **CALIDADE E CARACTERIZACIÓN DOS DISFRACES (confección, maquillaxe, accesorios,...) (5 PUNTOS)**
- b) **POSTA EN ESCEA E ACTUACIÓN (5 PUNTOS)**
- c) **PARODIA E CONTIDO DAS CANCIÓNS OU LETRAS. (5 PUNTOS)**

-A actuación contará cun tempo máximo de 30 minutos. No caso de sobrepasar o tempo, o xurado penalizará a comparsa que non cumpla as bases.

**-Establécense os seguintes premios:**

**1º Premio.- 1,700,00 €+trofeo**

**2º Premio.-1.400,00 €+trofeo**

**3º Premio.-1.200,00 €+trofeo**

- **Accésit de 350 €** para as comparsas que non consigan ningún premio.
- As entidades, asociación sen ánimo de lucro, aplicaráselle unha retención do 19%, correspondente ao IRPF para cumprir coas obrigas da AEAT.

**-Os concursantes, polo propio feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos, as presentes bases.**

Fisterra, 5 de febreiro de 2025

A Alcaldesa

Áurea Domínguez Sisto